

do 15 ao 20  
SETEMBRO



FESTIVAL  
**PRIMAVERA  
DO CINE**  
EN VIGO



HOTEL OFICIAL



As tuas entradas en  
wouticket

## MARTES 15

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

18.00 CURTAS GALEGAS BLOQUE 1

20.00 PACIFICADO

22.30 CURTAS GALEGAS BLOQUE 2

AUDITORIO DO MARCO

18.00 CURTAS LUSÓFONAS BLOQUE 2

19.30 CURTAS LUSÓFONAS BLOQUE 1

## MÉRCORES 16

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

18.00 CURTAS GALEGAS BLOQUE 3

20.00 MANOLIÑO NGUEMA

22.00 DE BARRIO

## XOVES 17

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

18.00 NOITE IRISADA

20.00 BOSTOFRIO

22.00 FAKIR

AUDITORIO DO MARCO

18.00 CURTAS GALEGAS BLOQUE 1

19.30 CURTAS GALEGAS BLOQUE 3



2020  
PRIMAVERA  
DO CINE

## VENRES 18

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

18.00 REBOIRAS: ACCIÓN E CORAZÓN

20.00 AS MORTES

22.00 EROSKI PARAÍSO

HOTEL BAHÍA

19.30 CAFÉ CANDELAS CON CREA

## SÁBADO 19

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

11.00 PROXECTO REMOLQUE

18.00 ESTADO DE MALESTAR

19.45 A FEBRE

21.45 NOITE DOS VIDEOCLIPS

AUDITORIO DO MARCO

12.00 CURTAS GALEGAS BLOQUE 2

18.00 CURTAS LUSÓFONAS BLOQUE 1

19.30 CURTAS LUSÓFONAS BLOQUE 2

## DOMINGO 20

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

19.00 GALA CLAUSURA

### ACTIVIDADES DE BALDE

PROXECTO REMOLQUE  
CAFÉ CANDELAS CON CREA  
GALA DE CLAUSURA

### ENTRADAS

LONGAMETRAXES 4€  
BLOQUE DE CURTAS 3€  
NOITE DOS VIDEOCLIPS 3€

MÁIS INFO EN:  
[primaveradocine.com](http://primaveradocine.com)



# PROXECTO REMOLQUE

**Sábado 19 de setembro / 11.00h**  
**AUDITORIO DO CONCELLO**

*O Proxecto remolque comezou coa chegada do dixital e o desmantelamento dos cinemas en 35mm. Eu persoalmente non teño nada contra o dixital, todo o contrario, xa que permitiu a moita xente facer os seus proxectos con presupostos baixos e mesmo sen orzamento.*

*Penso que poderíamos coexistir perfectamente e que hai sitio para os dous sen problema. Con todo, os vendedores de dixital non opinaban o mesmo, e a instalación do dixital trouxo implícito o desmantelamento do analóxico. Foi algo moi semellante ao desastre do Prestige, todo se solucionou a base de cartos e ameazas.*

*Pois a raíz diso, un compañeiro proxeccionista que traballaba en varios cinemas ofreceume a posibilidade de rescatar un montón de cousas dos “vellos e bellos” cinemas, coma obxectivos, empalmadoras, bobinadoras e una morea de avances cinematográficos.*


*Así comezou todo. Un día ofrecinlle a algún colega a posibilidade de facer un filme en 35mm manipulando os avances e transformándoos noutra cousa; outro día, pasou Alberte Pagán pola casa, faleille do proxecto e díxome que estaría encantado de levar un e facer cousas con él. E así comecei a repartir avances a xente de todo tipo: cineastas, fotógrafos, pintores, camareiros, etc... Amigos, vaia.*

*Olalla Márquez foi a primeira en poñerse mans a obra. Cando vin o resultado final souben que tiña algo precioso entre mans aínda que non saíra da miña casa, (a peli, non Olalla); e agora xa non me lembro, pero andará polos 40 avances repartidos, máis ou menos. Despois, a xente comezou a interesarse pola idea. Deste xeito emerxeu o Proxecto Remolque, un filme que nace a partir da morte do proxeccionista.*

**CRIS LORES** (Berna, Suíza, 1975)

Comezou a facer cine a finais da década de 1980 cunha cámara de súper 8 e cunha Hi8. Traballou na construción até os 25 anos, cando marchou a Londres, onde aprendeu co cineartista Aketza Barkoff. Formado tamén como proxeccionista de cine, leva desde 1999 proxectando películas no Cineclub de Pontevedra, feito que mudou a súa concepción do cine como espectador e como manipulador e creador. Ten traballado en case todos os formatos cinematográficos: 8mm, súper 8, 9,5mm, 16mm, 35mm e mesmo 70mm. E tamén, en colaboración con Belén Veleiro, no ámbito do cinema expandido.

Lores desenvolverá a sesión co acompañamento dos tamén cineastas Belén Veleiro e Alberte Pagán.





**BELÉN VELEIRO** (Santiago de Compostela, 1982)

Licenciada en Belas Artes e técnica en Fotografía Artística, os seus intereses rondan a videocreación e o manipulado de material analóxico. Participa en proxectos colectivos como M8 (colectivo aberto no que manipulan película de 8 mm en directo), Papel Medium (Proxecto musical de Javi Álvarez e Álvaro Barriuso) ou Proxecto Remolque. O seu proxecto persoal, Paper Cinético, é unha volta ao precine.



**ALBERTE PAGÁN** (O Carballiño, 1965)

Considerado como un dos pioneiros do Novo Cinema Galego, foi Premio da Crítica de Galicia en 2016 na modalidade de Cine e Artes Audiovisuais. É autor de numerosos textos e libros sobre cinema experimental. Varias das súas obras estiveron en festivais especializados tanto estatais como do estranxeiro, e tamén participou en mostras colectivas como "D- generación" ou no ciclo "Visto y no visto" do Museo Reina Sofía de Madrid.

